

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 3

SESION ORDINARIA DO 26 DE FEBREIRO DE 2007

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa
Alonso Vázquez, Xulio
Arias Moreira, José Carlos
Bermúdez Pérez, Silvia
Caballero Miguez, Gonzalo
Calviño Rodríguez, Xullo
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Cotobad Tombo, Elías Carlos
Couto Pérez, José Manuel
Fernández Fernández, Amador
Figueroa Vila, José Manuel
Garrido González, Alicia

Graña Barcia, María Luisa
Guerra Fernández, Javier Jorge
Losada Álvarez, Abel
López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Méndez Piñeiro, María Xosé
Molares Pérez, Lucía Emilia
Polo Lima, María Soledad
Ruiz Cenicerros, Mauricio
Sío Lourido, Belén
Soto Ferreiro, Manoel
Toba Girón, Xabier
Viéitez Alonso, Henrique

NON ASISTE:

Iglesias Carrera, José Manuel

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e dez minutos do día vinteseis de febreiro do ano dous mil sete, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobad Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Garrido González, Graña Barcia, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Losada Álvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Viéitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste o Sr. Iglesias Carrera. Está tamén presente o Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

1.- (14).- ACTAS ANTERIORES. (SS. ORD. E EXT. 27.11.06 E EXT. E URX. 01.12.06)

(Está ausente o Sr. Iglesias Carrera)

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar as actas correspondentes ó Pleno da Corporación en sesións ordinaria e extraordinaria do 27 de novembro, e extraordinaria e urxente do 1 de decembro de 2006.

2.- (15).- DAR CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA 20.01.07 DE NOMEAMENTO DO TESOUREIRO MUNICIPAL DESTE CONCELLO.

ANTECEDENTES.- Con data 30 de xaneiro de 2007, a Alcaldía-presidencia ditou a seguinte resolución:

“Por instrución de servizo da Alcaldía de data 30 de xuño de 2006, ordenouse á Unidade de Persoal o inicio de expediente administrativo para a convocatoria e bases de selección para a provisión do posto de Tesoureiro Municipal polo sistema de libre designación.

En cumprimento de dita orde, o expediente contendo a convocatoria e bases de selección, remitiuse e aprobouse pola Xunta de Goberno Local en sesión do 28 de agosto de 2006, e con data 23 de outubro de 2006 aprobouse unha corrección de erro en ditas bases; sendo remitidos ambos acordos á Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local para que, en cumprimento do previsto no artigo 28.2 do Real Decreto 1732/1994, do 29 de xullo, na súa nova redacción dada polo Real Decreto 834/2003, do 27 de xuño, ó obxecto da súa íntegra publicación no Diario Oficial de Galicia, publicación que se efectúa con data 4 de decembro de 2006.

Con data 1 de xaneiro de 2007 publícase o extracto da convocatoria no Boletín Oficial do Estado. Abríndose o prazo de presentación de solicitudes por quince días naturais, de conformidade co previsto na base quinta da convocatoria.

S.Ordinaria 26.02.07

Segundo certificación de data 24 de xaneiro de 2007, expedida polo Titular do Órgano de Apoio da Xunta de Goberno Local, durante o prazo establecido presentáronse as seguintes solicitudes:

- 1º.- Alberto Escariz Couso (Documento nº 70004530)
- 2º.- David Fresno Cabal (Documento nº 70005249)
- 3º.- Tania Naya Orgeira (Documento nº 70006031)
- 4º.- Noemí Naya Orgeira (Documento nº 70006041)

FUNDAMENTOS DE DEREITO

De conformidade co disposto no artigo 99.2 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, en concordancia co artigo 27 do Real Decreto 1732/1994 do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento para a Provisión de Postos de Traballo de Funcionarios da Administración Local con Habilitación de carácter Nacional, poderase cubrir polo sistema de libre designación habilitados de carácter nacional de subescala e categoría correspondentes, os postos a estes reservados que así se determinen nas relacións de postos de traballo, sempre que o Concello teña unha poboación superior a 100.000 habitantes, que o posto a cubrir teña asinado un nivel 30 de complemento de destino e a contía mínima do presuposto vixente ordinario da Corporación sexa superior a 18.030.362'13 € (no Concello de Vigo ascende á cantidade de 192.138.507'32 €). Estando previsto expresamente na relación de postos de traballo de 2005, publicada no Boletín Oficial da Provincia de data 7 de xuño de 2005 como sistema de provisión o procedemento de libre designación.

É competencia da Alcaldía-Presidencia a resolución desta convocatoria, de conformidade co disposto na Disposición Adicional Oitava da Lei de Bases de Réxime Local, engadida pola Lei 57/2003 do 16 de decembro, en concordancia co disposto no artigo 28.3 do RD 1732/1994 e en base a dito precepto a resolución motivarase con referencia ó cumprimento, por parte do candidato a elixir, de que reúne os requisitos e especificacións esixidos na convocatoria e a competencia para proceder ó nomeamento.

Por todo isto, e unha vez cumprimentados os trámites establecidos na lexislación de aplicación, a constatación de que os aspirantes reúnen os requisitos e especificacións da convocatoria, así como os seus perfís curriculares e con especial consideración á experiencia acreditada noutros postos de similares características; en uso das competencias conferidas á Alcaldía-Presidencia pola lexislación de bases de réxime local e o artigo 28.3 do citado RD 1732/1994, polo que se aproba o Regulamento para a Provisión de Postos de Traballo de Funcionarios da Administración Local con Habilitación de carácter Nacional,

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear a don Alberto Escariz Couso, con documento nacional de identidade nº 36.097.029-R, para o posto de Tesoureiro Municipal do Concello de Vigo.

Segundo.- Dar traslado da presente resolución ao Pleno do Concello de Vigo, na próxima sesión que realice, así como ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia e á Dirección Xeral para a Administración Local, para a anotación e publicación conxunta no Boletín Oficial do Estado.

Terceiro.- O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles, se o destino anterior radica na mesma localidade que o do novo destino, e dun mes se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo do funcionario.

Este prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ó da publicación da resolución no Boletín Oficial do Estado.”

Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

3.- (16).- REMATE E ARQUIVO DO PROCEDEMENTO DE REFORMADO DO ESTUDO DE DETALLE DA UA 1 CASTAÑA, NÚCLEO 01.02-CARREGAL D. EXPTE. 6774/411.

ANTECEDENTES.- Con data 9 de xaneiro de 2007, o técnico de administración xeral e o Director Adxunto de Xestión e Planeamento, coa conformidade do Xerente de Urbanismo, emiten o seguinte informe:

1.- No vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana, aprobado definitivamente no 29.04.1993 (PXOU-93), figura como planeamento en marcha un ámbito de solo urbano de uso residencial dunha superficie duns 13.212,50 m² denominado UA 1 CASTAÑA pertencente ó NÚCLEO 01-02 CARREGAL C e cunha edificabilidade de 1 m²/m².

A súa ordenación pormenorizada ordenouse nun estudo de detalle de iniciativa privada e executado polo sistema de compensación.

2.- Con data 23 de febreiro de 2001 con núm. de documento 172938, D. Secundino Diz Bolaño en representación da mercantil Red Inmobiliaria Diz, S.L., presentou para a súa tramitación un reformado do estudo de detalle para as parcelas resultantes F-10, F-11 e F-12, redactado polo arquitecto D. Antonio José Abal Medina.

3.- Con data 22 de marzo de 2001, mediante oficio requiríuselle ó interesado do estudo de detalle a corrección de certos extremos.

4.- O interesado non presentou a documentación requirida, tendo xa transcorrido un prazo moi superior ao que lle fora concedido.

De conformidade co disposto nos arts. 71, 89 e 91 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, procede ter por desistido ao interesado na súa petición, coa conseguinte finalización e arquivo do expediente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Procede en consecuencia ditar a pertinente Resolución que poña fin a este procedemento, consonte co disposto no art. 89 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXA-PAC).

É competente para adoptar o acordo que agora se propón, o Pleno do Concello, de conformidade co disposto no art. 123.1.i) LBRL.”

Polo anteriormente exposto, os funcionarios informantes formulan a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 15 de xaneiro, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

(Está ausente o Sr. Iglesias Carrera)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vintecatro votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobade Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Garrido González, Graña Barcia, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Losada Alvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Toba Girón, Viéitez Alonso e a Presidencia, e dúas abstencións dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acórdase:

Primeiro.- Concluir a tramitación do procedemento de aprobación do reformado do estudo de detalle da UA 1 CASTAÑA do NÚCLEO 01-02 CARREGAL C, de iniciativa privada, redactado polo arquitecto D. Antonio José Abal Medina, procedéndose ó seu arquivo

Segundo.- Notifíquese o contido íntegro deste acordo ós interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses.

4.- (17).- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 12/07, PARA INCREMENTO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO IMD. EXPTE. 6851/333.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala na memoria da Alcaldesa-Presidenta de data 6 de febreiro de 2007:

“A concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, presidenta da Xunta Reitora do Organismo Autónomo Instituto Municipal dos Deportes, traslada a esta Alcaldía o expediente no que se informa da situación da necesidade de incrementar o orzamento de gastos do organismo autónomo para asumir o novo contrato de prestación de servizos das piscinas e ximnasia municipais. Ó estar nunha situación de orzamentos prorrogados, solicítase, co fin de manter a funcionalidade do servizo e a licitación do mesmo con garantías para a administración, que o órgano competente do Concello incoe a tramitación dunha modificación de crédito mediante transferencia de crédito, por un importe de 255.000,00 €, en concepto de transferencia a dito organismo autónomo.

Trátase de suplementar, no importe sinalado, o crédito existente no orzamento vixente de transferencia para gasto corrente ó organismo autónomo Instituto Municipal dos Deportes, partida 4522.4100000.

O financiamento dos 255.000,00 € que se requiren para financiar os gastos antes descritos, constituírao a partida 2220.2270601 “Tráfico: custodia e retirada de vehículos”.

Polo anteriormente exposto, a Alcaldía-presidencia propón ó Pleno da Corporación a adopción do acordo que figura na parte dispositiva.

Con data 9 de marzo o interventor xeral emite informe relativo á devandita transferencia que figura no expediente, e manifesta que é conforme á lexislación vixente.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de febreiro de 2007, ditamina favorablemente.

(Está ausente o Sr. Iglesias Carrera).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves

Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e dezasete abstencións dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Losada Alvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Viéitez Alonso,

ACÓRDASE:

Autorizar unha transferencia de crédito por importe total de 255.000,00 €, con cargo á partida 2220.2270601, "Tráfico: custodia e retirada de vehículos", incrementando en dito importe a partida 4522.4100000, Transferencia corrente Instituto Municipal dos Deportes."

Neste intre a Corporación Municipal e máis todos os presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minutos de silencio polas mulleres vítimas da violencia de xénero e máis pola soldado do Rexemento de Infantería Lixeira Aerotransportable da Brilat de Pontevedra, Idoia Rodríguez, morta nun atentado en Afganistán.

5.- (18).- MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PG RELATIVA Á INSTAURACIÓN DUNHA OFICINA DO REXISTRO MERCANTIL EN VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 23 de febreiro de 2007, o voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, presenta a seguinte moción:

"O Goberno de España ven de discriminar a Vigo outra vez, e van...

Á nosa cidade cústalle un tremendo sufrimento o que outras conseguen con facilidade automática polo feito de seren capitais de provincia. O aparato da Administración do Estado é testudo e só recoñece as etiquetas decimonónicas das capitais, non a realidade social e mailas potencialidades das cidades de hoxe en día. Unha realidade na que Vigo está moi por diante da meirande parte das capitais das provincias de España, pero non somos capital!

Os vigueses temos que ser capaces de conseguir cunha soa reivindicación, custe o que custe, a solución a unha chea de problemas: Vigo ten que ser a capital da súa

propia provincia. Temos que dar unha batalla longa e forte, para que ó final as cousas queden máis doadas para ás futuras xeracións.

Namentres, seguiremos a loitar con sufrimento infinito tema a tema, como a nosa xusta reivindicación de querermos ter unha oficina propia do Rexistro Mercantil (coa "pouca" xustificación de que somos a área con maior número de empresas de Galicia e unha das maiores de España...)

Consonte co antedito propoñemos:

Pedirlle ó Goberno de España que decida a inmediata instauración unha Oficina do Rexistro Mercantil en Vigo."

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, en sesión do 19 de febreiro, deuse por enterada do contido da anterior moción.

INTERVENCIÓN DO SR. SOTO FERREIRO: Non é a primeira moción que presentamos deste tema, nin que presentan outros grupos noutras ocasións falando deste asunto que é un tema importante para Vigo e para o empresariado vigués e que polo tanto axuda ou prexudica a creación de emprego. Confeso que na miña percepción non é esa a decisión fundamental nin moito menos para establecer ou manter unha empresa pero si hai a sensación de que en Vigo hai moitos atrancos administrativos-burocráticos para ser quen as xentes de crear unha empresa. Este é un dos atrancos de certo relevo sen ningunha dúbida porque a empresa, na constitución evidentemente pero tamén ó longo da súa vida, vese obrigada a estar levando documentos ó Rexistro Mercantil para estaren debidamente actualizada e cada vez que o fai ten que se desprazar á cidade de Pontevedra xa que a administración de todo o Rexistro Mercantil está alí.

A verdade é que é unha situación anacrónica, non hai ningunha razón obxectiva para facer isto así, nin ningunha sequera obxección legal *strictu sensu*, polo menos que eu saiba, pero hai unha administración do Estado mastodóntica, inmutable por moitos anos, onde seguramente está a raíz do problema e a partir de aí políticos que non son quen de cambiar esas actitudes e actuacións mastodónticas da Administración do Estado. Todas as cuestións decídense en función de informes de funcionarios que teñen unha percepción X e así nos vai.

Así nos vai porque esa percepción mastodóntica está asentada en varios tipos de conceptos; un deles moi claramente en que para repartir oficinas de institucións

administrativas o criterio primeiro e principal é se se é ou non capital de provincia e ó non seren Vigo capital de provincia quedamos fóra do reparto de moitos temas que se dan de seu, con todos os respectos para exemplos que puidera citar e para non o facer de ningún galego, e que por exemplo ten Soria, con trinta e pico milleiros de habitantes e por seren capital de provincia ten Rexistro Mercantil e todas as institucións administrativas que pode ter calquera outra cidade de grande rango.

Ese tipo de decisións lévanos pensar que, como digo na exposición de motivos da moción, temos que acadar solucionar o problema principal dunha vez por todas e non andar con problemas pequenos que para o Partido Galeguista sería dende logo a desaparición das provincias, que administración galega se fixera en función das comarcas. Pero iso está moi lonxe, somos realistas, non vemos a outros partidos agás o Bloque; neste caso o Partido Popular concretamente non quere falar do tema e o Partido Socialista seméllame que non é tan tallante a súa oposición pero no fondo tampouco quere modificar o tema a fondo como para que desaparezan as deputacións e as provincias.

Polo tanto cando falamos de que Vigo debера ser a capital da súa provincia estamos a falar dunha posición realista, sabedores de que non se pode facer a curto prazo, seguramente nin a medio que xa nos gustaría, cun cambio profundo na administración galega; pero ó mesmo tempo, como eu digo ás veces cando podo dar moitos argumentos de que si, fágolle a pregunta ó interlocutor: e Vigo, por que non? Ata agora non escoitei a ninguén que me dese ningunha razón obxectiva de peso para dicir que Vigo non debe ser capital da súa provincia.

A proposición está feita con moderación, non imos a por todas os que a facemos, podería ser, poderíamos pedir que a capital de Pontevedra sexa Vigo; non imos a por iso, non queremos prexudicar á administración do Pontevedra, nin ós administrados do arredor de Pontevedra polas mesmas razóns que queremos acadar unha administración achegada para o contorno de Vigo.

Este é o por que de que nunha exposición de motivos dicimos que haberá que loitar nisto e a fondo; outros seguirannos como nos seguiron noutras moitas cousas que están aí. Vostedes pasen a vista cara atrás e verán que hoxe felizmente o uso de debate corrente, non de acadar pero si de facer un debate corrente de moitas cousas que os membros do Partido Galeguista fomos presentando ó longo dos

tempos. Este tamén será un tema que se instalará na nosa sociedade antes ou logo no debate social ata conseguilo; levará tempo non é cousa dun día, dun ano ou de cinco, non o sei nin tampouco teño bola de cristal para saber o prazo, pero sexa o que sexa ó final a vitoria será dos que por querer que Vigo, os seus administrados e o seu contorno teñan a mellor e máis próxima administración posible, poñemos enriba da mesa sermos tratados con pé de igualdade e un mínimo de xustiza co que se trata ós demais concellos e provincias españolas.

Dito isto e volvendo ó tema, eu recoñezo que podería ser mellor usado o tema do provincialismo, pero o mal uso ocorre decote, o teórico bo uso podería ser pero non é xamais, sempre hai un mal uso diso porque hai esa inercia mastodóntica da Administración do Estado que vai por onde vai. Por iso lle dan un segundo Xulgado do Mercantil á cidade de Pontevedra e non llo dan a Vigo e evidentemente quedámonos fóra outra volta dun xogo administrativo que obriga a todos os nosos empresarios andar a peregrinar indo cara Pontevedra con papel vai e papel ven. É intolerable nos tempos nos que vivimos e por iso este tema antes ou despois vai caer da nosa banda.

Polo tanto a nosa petición de hoxe, independentemente do debate que poidamos ter ou non sobre as ideas que acabo de expoñer, o que pido rotundamente é que o goberno de España decida a inmediata instauración dunha oficina propia do Rexistro Mercantil en Vigo. Que tomen esa decisión se a queren tomar, poden e deben querer e digo máis: que o fagan no BOE por favor. Se queren, como nos anuncian algunhas persoas que están polo labor, etc., eu estaría encantado de lle aplaudir ó Goberno de España como lle aplaudo outras medidas; gustaríame aplaudirle esta pero no BOE. Se é así polo menos comezará a facerse algo de xustiza nalgunha das moitas débedas que a Administración do Estado dende hai demasiados anos ten con Vigo.

(Está ausente o Sr. Iglesias Carrera).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, relativa á instauración dunha oficina do Rexistro Mercantil na nosa cidade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

6.- (19).- MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO MEDIDAS A TOMAR NO PAU DE NAVIA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de febreiro de 2002, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

“O PAU de Navia estaba nunha situación lamentable cando foi asumido pola actual Consellería de Vivenda, deseñándose a partir de entón unha actuación integral e con criterios de sostibilidade que, cando estea rematada, fará del un dos barrios dos que os vigueses e viguesas nos poidamos sentir orgullosos.

Pero non podemos dicir o mesmo da Administración local, pois dende que se recibiu o 80% do PAU, non se fixo nada polo seu mantemento nin mellora pese as repetidas queixas dos máis de 1.000 veciños e veciñas que xa viven nel e ven como non se arranxan as deficiencias e se degrada progresivamente o contorno.

Un dos maiores problemas cos que se enfrontan son os accesos peonís, xa que o estar rodeado do 2º cinto e de Ricardo Mella converte ó PAU nunha especie de illa, sendo necesario percorrer 1,5 km para facer un traxecto que en liña recta serían 150 m. Así, un dos pasos de peóns existentes debaixo da intersección do 2ºcinto é extremadamente perigoso xa que adoce de medidas viarias de protección e os automóbiles pasan a gran velocidade pola zona. Xa no interior do núcleo e na rúa Teixugueiras só existen 2 pasos de peóns separados un do outro por unha gran distancia o que implica que se cruce por lugares non sinalizados co conseguinte risco para as persoas.

Outro dos problemas é a insuficiencia do transporte urbano xa que só dúas liñas de autobuses van ó PAU, iso pese a ter un fin de liña a menos de 200 m. no cemiterio de Coia. Así mesmo a limpeza brilla pola súa ausencia, hai maleza nas beirarrúas e verquidos procedentes das obras en moitos lugares, comezando os roedores a ser uns veciños máis. O mantemento de parques e xardíns tamén é inexistente.

Só a falla de xestión, vontade política e interese polos veciños e veciñas de Navia que ten este Goberno explica esta situación de abandono e cremos que xa é hora de que asuma as responsabilidades que lle corresponden e vele pola calidade de vida e benestar de todos e todas os que alí viven.

É por isto que solicitamos a este Pleno que se adopten os seguintes acordos:

- Que de forma inmediata se proceda a dotar dos correspondentes sistemas de seguridade viaria ós accesos peonís ao PAU de Navia e máis concretamente ó situado na intersección do 2º cinto VG20 coa Avda. Ricardo Mella.
- Que se estude a posibilidade de artellar novos accesos que fagan máis doada a comunicación con Coia e Navia
- Que se acometa a sinalización vertical e horizontal precisa na parte do PAU xa transferida ao Concello.
- Que se prolonguen as liñas de autobuses urbanos que teñen o seu remate no cemiterio de Coia para lle dar servizo ós veciños de Navia.
- Que se proceda a realizar a limpeza axeitada das beirarrúas e se recolla todo o lixo verquido.”

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 19 de febreiro, deuse por enterada do contido da anterior moción.

INTERVENCIÓN DA SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Esta moción ven a conta polas múltiples queixas que estamos recibindo dos veciños de Navia a respecto das condicións nas que se atopa o seu barrio.

Como todas e todos sabemos este barrio xa o ano pasado se transferiu practicamente o 80% a este Concello e precisamente a queixa dos veciños ven determinada porque dende que esta transferencia se produciu dende a Consellería de Vivenda, non se fixo nada para arranxar todos os problemas que van xurdindo e que moitos deles xa estaban presentes. Cando falamos de problemas facémolo de problemas xenéricos no barrio en si, do illamento que estruturalmente e dende o punto de vista da accesibilidade, das vías, etc., presenta o barrio como poden ser o problema dos accesos xa que este barrio é unha especie de illa na que para saír hai bastante dificultade posto que non está ben comunicado co resto da cidade.

Un dos maiores problemas co que se atopan precisamente os veciños é que para ir a un barrio como o de Coia e que en liña recta serían 150 metros, teñen que iren quilómetro e medio camiñando. Á parte disto os poucos accesos que hai son moi perigosos; falamos neste caso dos accesos peonís e un dos máis perigosos precisamente no que un día destes nos atoparemos cun accidente grave se segue así, é o acceso que hai xusto debaixo do segundo cinto, na unión entre a VG 20 e a avenida de Ricardo Mella.

Á parte dos accesos externos temos o problema dos pasos peonís; xusto na rúa Teixugueira só hai dous pasos de peóns que ademais están situados moi lonxe un do outro e se seguimos habería milleiros de detalles destas características.

Outro dos problemas cos que se atopan é o tema da limpeza. A xente está en proceso de traslado para as novas casas, ás veces tíranse alí cousas e tárdase moito nas recoller, hai moito lixo acumulado polas zonas, as zonas axardinadas están feitas un desastre...

Outro grave problema e ademais neste caso como muller síntome especialmente sensible co tema, é o do transporte urbano. Todo o mundo sabe que o autobús é o transporte urbano maioritariamente usado polas mulleres; pois só hai dúas liñas de autobuses que van ó PAU de Navia cando xusto hai un final de liña no cemiterio de Coia que está a moi pouca distancia.

Todas estas deficiencias pensamos que cunha pouca de vontade política por parte do Goberno municipal poderíanse resolver porque ademais non son medidas que requiran nin orzamentos, nin cartos, só vontade política e un pouco máis de xestión ca de poñer flores por todos os sitios, que están moi ben pero que tamén as medidas destas características como son a limpeza, facer os pasos peonís, poñer liñas de autobuses que só sería cuestión de poñer unha ou dúas liñas que se asomasen dende o cemiterio ata alí, farían un pouco máis agradable e menos problemática a vida dos veciños e veciñas do PAU de Navia.

Por iso solicitamos á Corporación que adopte os acordos contidos na moción.

A continuación a Sra. Méndez Piñeiro procede a ler o texto da parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

(Está ausente o Sr. Iglesias Carrera).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, instando medidas a tomar no contorno do PAU de Navia, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

7.- (20).- MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A REHABILITACIÓN DAS SENDAS BOTÁNICAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de febreiro de 2002, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Bermúdez Pérez, formula a seguinte moción:

“As tres sendas botánicas existentes en Vigo, no parque do Castro, da Guía e Castrelos, constitúen unha oportunidade única para o goce dun marabilloso tesouro natural que posúe a nosa cidade.

A existencia destas sendas outórgalle ao noso patrimonio natural a importancia lúdica, divulgativa e didáctica que merece. Poñendo en valor non só a riqueza específica das nosas árbores, senón tamén a importancia vital de conservar eses espazos verdes que constitúen os pulmóns das nosas cidades.

Así, dun modo lúdico á vez que educativo, podemos pasear entre árbores milenarias, ben de aquí ben chegadas de medio mundo.

Porén, o estado actual destas sendas presenta graves carencias na súa conservación, pois desde o ano 2001 non se produciu rehabilitación ningunha da súa sinalización.

Sendo as carencias máis relevantes:

- Inexistencia de paneis de inicio de cada senda.
- Deterioro parcial ou ausencia total da información reflectida nos soportes existentes.
- Desaparición dun bo número de paneis identificativos.
- Desaparición ou substitución de exemplares existentes.

Por todo antedito propomos o seguinte acordo:

Que se proceda á rehabilitación e mellora da sinalización integral, así como do material divulgativo e didáctico das sendas botánicas do Castro, da Guía e de Castrelos.”

A comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico, en sesión do 19 de febreiro, deuse por enterada do contido da anterior moción.

INTERVENCIÓN DA SRA. BERMÚDEZ PÉREZ: Como todos e todas sabemos ou cando menos deberíamos saber, existen en Vigo tres sendas botánicas, unha no monte do Castro que fai un percorrido por árbores singulares, outra en Castrelos que fai un percorrido por árbores de folla perenne e outra na Guía que é un percorrido mixto. Non é tanto o obxecto desta moción facer aquí grandes discursos sobre a importancia que teñen para a nosa cidade ou para o noso medio ambiente este tipo de sendas botánicas porque penso que estaremos de acordo en que é un xeito de divulgar estas sendas dun modo didáctica e educativo, unha forma bastante boa que podemos ter de pasar o noso tempo de lecer paseando polo noso contorno natural e apreciando á vez o valor das nosas árbores. Polo tanto non só constitúen un xeito de lecer alternativo, senón que é un xeito de darlle valor á importancia do noso medio natural e das nosas árbores, máxime nunha época na que é bastante necesario sensibilizar á poboación sobre o coidado destes espazos verdes e destes pulmóns da nosa cidade.

O que si quería manifestar aquí é que estas sendas sofren un deterioro e unhas carencias no seu sistema de paneis e de identificacións; o obxecto desta moción é que se proceda ó seu arranxo. Os paneis e os sinais destas sendas non se rehabilitan dende o ano 2001, ano no que se fixo a última rehabilitación dos sinais das sendas e polo tanto o paso do tempo está causando efecto neles.

As principais carencias que aquí relato son a inexistencia de paneis de inicio de cada unha destas sendas co que as persoas que as queiran percorrer non teñen coñecemento nin do punto de inicio, nin de remate deste percorrido, nin das árbores que pode ver.

Por outra banda tamén hai un deterioro parcial ou total dos paneis que existen e á parte hai paneis nos que o texto non se pode ler na súa totalidade. Por outra banda hai paneis que xa desapareceron de xeito completo e tamén froito do transcorrer do tempo hai árbores que ou ben xa non están por cuestións naturais ou ben substituíronse, por iso o que aquí quero expoñer é que é necesaria unha rehabilitación de todos estes sinais.

O acordo que se trae a este Pleno é que se proceda á rehabilitación e mellora da sinalización integral así como do material divulgativo e didáctico das sendas botánicas tanto do Castro, da Guía, como de Castrelos.

(Está ausente o Sr. Iglesias Carrera).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Bermúdez Pérez, instando a rehabilitación das sendas botánicas da Guía, O Castro e Castrelos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

8.- (21).- MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA Ó ACCESO Ó MERCADO LABORAL DAS PERSOAS DISCAPACITADAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de febreiro de 2002, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Sío Lourido, formula a seguinte moción:

“O acceso ó mercado laboral das persoas discapacitadas é un chanzo fundamental que é preciso subir cara á integración total destes colectivos e para acadar que as persoas discapacitadas teñan o maior grao de independencia posible na nosa sociedade.

Cando unha persoa discapacitada con competencias para se incorporar ó mercado laboral acada un emprego, o mundo para ela troca de cor, a súa autoestima chega ás nubes e o orgullo da súa familia medra ata non lles caber o corazón no peito.

A accesibilidade integral supón, entre outras cuestións, que estas persoas accedan en igualdade de condicións e sexan tidas en conta nas ofertas de traballo, tanto públicas como privadas. No caso das públicas, sabemos que dende as administracións temos que dar exemplo. O noso Concello realizou e leva a cabo actuacións neste sentido, pero cremos que podemos dar un paso máis para visibilizar este colectivo.

Por iso, instamos ó Pleno da Corporación a que adopte o seguinte acordo:

Que se reserve e se faga efectiva a porcentaxe (5%) para persoas discapacitadas nas contratacións temporais que leve a cabo esta institución e en todas aquelas contratacións de persoas que non se inclúen na oferta pública de emprego do Concello (proxectos, programas, accións puntuais, etc.)”

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, en sesión do 19 de febreiro, deuse por enterada do contido da anterior moción.

INTERVENCIÓN DA SRA. SÍO LOURIDO: A moción, como xa saben todos vostedes, ten que ver co acceso ó mercado laboral das persoas discapacitadas, o acceso en igualdade de condicións e a importancia que a súa incorporación ó mundo laboral ten para elas, para as súas familias e sobre todo para os facer persoas o máis independentes posible.

No Concello temos varias actuacións neste senso, algunhas con asociacións concretas, outras que teñen que ver como en todas as administracións coa oferta de emprego público, pero falado cos servizos de emprego e formación deste Concello dinme que é posible facer unha proxección anual sobre todos aqueles proxectos, programas e accións puntuais que levan contratacións temporais neles.

O que pide a moción é moi sinxelo: que se reserve, se faga efectiva a porcentaxe do 5% para persoas discapacitadas nas contratacións temporais que leve a cabo esta institución e en todas aquelas contratacións de persoas que non se inclúen na oferta pública de emprego do Concello: proxectos, programas, accións puntuais, etc.

(Están ausentes os Sres. Iglesias Carrera e Ruiz Ceniceros).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Sío Lourido, relativa ó acceso ó mercado laboral das persoas discapacitadas, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

URXENTES:

A.- ACORDO DA XUNTA DE VOCEIROS RELATIVO Ó APOIO DA CORPORACIÓN Ó PLAN INDUSTRIAL PARA O ESTALEIRO DE FENE.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros, na súa sesión do día 22 de febreiro, por unanimidade acordou propoñer ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

“No ano 1972 Astano era un estaleiro privado con capacidade para 350.000 Tm de aceiro e un total de 6.000 traballadores/as.

No ano 1984 o estaleiro Astano de Fene utilizouse como moeda de cambio en Bruxelas para iniciar a reconversión naval do Estado español e facer posíbel as axudas públicas ao sector dos estaleiros públicos civís do Estado.

Posteriormente, no ano 1987 prohibíuselle a construción de buques, adicándose o estaleiro á fabricación de plataformas off-shore. A prohibición sobre a construción de buques reiterouse co Plano Estratéxico de Competitividade (PEC), elaborado polo PSOE no ano 1994 e aprobado polo PP no 1997.

O Goberno podía solicitar o levantamento do veto no 2002.

Logo da catástrofe do Prestige, o Consello de Ministros realizado en xaneiro de 2003 na Coruña, acordou solicitar da Comisión Europea que erguese as restricións á construción de buques á empresa denominada daquela Izar-Fene. Porén, dende agosto de 2003, despois da entrega da plataforma encargada pola empresa Statoil, as gradas de Fene están valeiras e sen carga de traballo propia.

Por último, o 16 de decembro de 2004 asinouse o acordo entre a SEPI e os sindicatos estatais onde Izar Fene se integra en Navantia e no punto 4º se limita a actividade civil durante 10 anos. Asemade, a SEPI, propietaria de Navantia, comprometeuse a presentar un plan industrial para a comarca de Ferrolterra, algo que a data de hoxe aínda non fixo.

Por mor deste acordo producíronse 1.400 pre-xubilacións en Ferrol e Fene e Navantia Fene quedou con 360 traballadores/as moitos/as deles/as trasladados a Ferrol. Deste xeito Fene, con 800.000 metros cadrados, convértese nunha compañía auxiliar de Ferrol e non nun auténtico estaleiro, que está a realizar bloques para buques militares da antiga Bazán.

No mes de novembro de 2005 a Consellería de Innovación e Industria, ante a falla evidente de ocupación plena do estaleiro de Fene, propuxo ao presidente da SEPI a constitución dunha comisión para a reindustrialización de Ferrol, proposta que este aceptou.

O 5 de xullo de 2006 constituíuse a comisión formando parte dela as asociacións de empresarios/as da comarca e os tres sindicatos maioritarios. A SEPI decidiu non formar parte da comisión.

O 25 de setembro de 2006 a consellería convocou unha xuntanza desa comisión, á que a SEPI decide non asistir, e entrega aos axentes sociais un plan de viabilidade para o desenvolvemento da industria naval na ría de Ferrol, un documento aberto

ás achegas dos axentes sociais e que debía concretarse nun plan industrial concreto.

En xaneiro deste ano a Consellería de Innovación e Industria, no marco da Comisión creada a requirimento da mesma, presentou o Plan Industrial para o Estaleiro de Fene, baseado na desafectación de activos ociosos que hoxe existen en Navantia Fene, para poder construír buques civís e crear 250 postos de traballo directos e case 3.000 indirectos nun novo estaleiro. O promotor industrial desta iniciativa é a empresa Hijos de J. Barreras e o financiamento correría por conta de Caixanova e Caixa Galicia, co cal se demostra que se trata dun proxecto sólido e solvente. En calquera caso, a adxudicación de activos ociosos de Navantia ha de se facer mediante concurso público cos principios de competencia, publicidade e transparencia, pero queda demostrado que existe interese e proxectos serios para construír barcos en Fene.

Ante a consideración de que o sector naval é estratéxico non só en Ferrolterra, senón para o futuro de Galiza, o Goberno Galego e o Parlamento teñen reiterado nas últimas semanas o apoio unánime a este Plan.

É polo que solicitamos do Pleno deste Concello a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Comunicarlle á Presidencia e Vicepresidencia da Xunta de Galiza o apoio do Pleno da Corporación Municipal ao Plan Industrial para o Estaleiro de Fene.
- 2.- Instar á Presidencia do Goberno do Estado a:
 - Adoptar as medidas precisas que permitan que parte dos activos que no pasado pertenceron a Astano en Fene poidan ser desafectados pola SEPI e dedicados á construción naval convencional no ámbito civil.
 - Garantir a plena carga de traballo na factoría de Navantia Fene.
 - Presentar de contado o Plan Industrial para Ferrol previsto nos acordos do 16 de decembro de 2004.
 - Que a SEPI, no suposto de que se adopte algún acordo que poida afectar aos/ás traballadores/as de Navantia Fene, garanta sempre que o actual persoal do estaleiro poderá optar por continuar dentro do sector público.
 - Que a SEPI inicie coa Xunta de Galiza o deseño e impulso de novos proxectos de reindustrialización na comarca de Ferrolterra.”

(No momento das votacións están ausentes os Sres. Iglesias Carrera e Ruiz Ceniceros e a Sra. Molares Pérez).

O secretario xeral do Pleno procede a ler o texto do acordo da Xunta de Voceiros que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: En primeiro lugar e para facer un pouco de xustiza, polo menos dende a nosa óptica, agradecerlle a don Xabier Toba que fose o autor-

inspirador desta moción que lle presentou á Xunta de Voceiros para que o seu relevo o adoptásemos todos, polo tanto lle quero agradecer o seu traballo porque foi o principal inspirador.

Dito isto e entrando no fondo do tema dicirlles tamén que hai un punto que para nós podería ser discutible, que quede claro que non o imos facer pero hai un punto que di que a SEPI, no suposto de que se adopte algún acordo que poida aceptar ás traballadoras e traballadores de “NAVANTIA-FENE garanta sempre que o actual persoal do estaleiro poderá optar por continuar dentro do sector público”, en todo caso quero deixar clara a posición do Partido Galeguista.

Paréceme que se hai un proxecto industrial e un proxecto industrial para unha factoría, esta con todas as consecuencias tería que tomar o camiño que tomase. Pero tamén entendo a intelixencia deste parágrafo ou deste aspecto parcial da proposición porque ó estaren baixo o paraugas de “papá-Estado”, pensar que se vai cobrar e non pasa nada, ten moi tranquilos a parte dos traballadores de NAVANTIA-FENE que teñen un medo grande a perder ese status, de aí algunhas reaccións en contra dunha proposta que a min me parece magnífica. Ó Partido Galeguista coida que se algo ten que facer o noso País é traballar para termos unha economía produtiva, non unha economía subsidiada e menos aínda se os subsidios se dan en empresas que terían que estar a producir riqueza, cousa que non é o caso.

Vouno dicir con toda a claridade dende a nosa posición de *viguistas* que o aspecto esencial desta moción é que queremos que haxa economía produtiva en Ferrol; para o dicir claro, non é tanto que Hijos de J. Barreras, o estaleiro de sempre en Vigo, quen acceda a unha posición industrial en Ferrol. Estamos encantados de que sexa así e que dentro do país haxa unhas empresas que poidan axudar a outras e a outros lugares do país. Pero o tema non é ese en Vigo hoxe en día, para o Partido Galeguista o tema é Ferrol e queremos apostar polo seu desenvolvemento industrial tal e como precisa.

Por iso pareceunas unha proposta magnífica xa cando llo escoitamos dicir ós responsables da Xunta de Galicia, máis concretamente ó conselleiro de Industria, Sr. Blanco, e apoiámola en todos os lugares onde estamos como Partido Galeguista, non só nas institucións como Concellos, etc., senón tamén en faladoiros radiofónicos e onde temos a oportunidade de dar opinións. Somos absolutamente favorables a un plan que como ben di a moción ademais é un plan galego, feito por

unha industria galega, con financiamento de bancos galegos, de caixas galegas neste caso e ademais para revitalizar unha zona tan galega como é a zona do Ferrol.

Polo tanto é unha moción que só os atrancos burocráticos no peor sentido da palabra burocracia se é que esta palabra ten algún bo sentido, de supostos acordos con Bruxelas semella que son as únicas excusas que dá a SEPI para non tirar cara adiante.

A verdade é que foi moi esperanzadora a posición pública do presidente do Goberno, Sr. Zapatero, con respecto a este tema pero volvemos ó de sempre, o anuncio está ben pero logo, parafraseando a don Félix Lope de Vega Carpio, hai que “pasar lo de las musas al teatro”, é dicir, hai que pasar esas boas intencións á realidade e non semella lóxico que non se dea un toque de corneta dende a Presidencia de Goberno ou que se tome un acordo de goberno que é o que procedería para que a SEPI non diga non sei que cousas e o ministro de Economía, Sr. Solbes, que non é un ministro de pequeno poder precisamente e que na miña opinión o está a facer bastante ben, que non ten nada que ver unha cousa coa outra, saia dicindo outra cousa e o presidente do Goberno unha terceira diferente.

Haberá que lle dicir ó Goberno de España que queremos unha actuación coherente de Goberno e que a queremos como a queremos, queremos unha economía produtiva para Ferrol. Hai un plan serio, industrialmente intelixente, perfectamente posible e por último déixeme falarlle do subproduto final non desprezable nin moito menos; que non paguemos todos cos impostos de todos que estean a non traballar moita xente en NAVANTIA-FENE e noutros lugares porque, habendo a posibilidade de implementar plans de industrialización, hai decisións políticas ou técnico-económicas de non o facer. Sempre que sexa posible adiante. Propostas así contarán coa resposta afirmativa e co apoio do Partido Galeguista

A Presidencia somete a votación conxunta a urxencia e mailo fondo.

SR. TOBA GIRÓN: Moi brevemente para agradecer as palabras do Sr. Soto e tamén para agradecer o apoio do Sr. Soto, do Grupo Socialista e do Grupo Popular na Xunta de Voceiros que fai que este acordo sexa precisamente por unanimidade do propio Pleno. Gracias.

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACORDASE:

Aprobar a proposta formulada pola Xunta de Voceiros, na súa sesión do 22 de febreiro de 2007, relativa ó apoio desta Corporación ó plan de viabilidade dos estaleiros de Fene, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

B.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO ACCIÓNS E MEDIDAS PARA ACADAR A IGUALDADE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de febreiro de 2002, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

“O consenso social conseguido canto á necesaria participación das mulleres na sociedade e canto á condena da violencia de xénero, non permitiu aínda a eliminación da lacra da violencia de xénero, nin evitou que aínda persistan obstáculos evidentes que dificultan que a sociedade responda plenamente ás necesidades e desexos das mulleres, así como que se teña en consideración a necesidade de traballar para eliminar a invisibilidade das mulleres ao longo da historia.

Estas dificultades veñen por parte das administracións públicas e por parte da sociedade mesma, que seguen a ofrecer resistencia aos cambios nun momento de tránsito entre unha cultura patriarcal a outra cultura de igualdade.

No marco político en que nos desenvolvemos, onde contamos con iniciativas e proxectos legislativos concretos da Xunta de Galicia que teñen como fin, en materia

de igualdade, impulsar programas de acción dirixidos a eliminar os estereotipos sexistas e a violencia de xénero, e creados para promocionar de maneira transversal a igualdade e a corresponsabilidade nas persoas e na sociedade, é importante que a administración local se sume a estas iniciativas e proxectos. Na loita pola igualdade de oportunidades e contra a violencia de xénero, é vital a coordinación e a cooperación entre todos os niveis da administración.

Na medida en que a administración local -polas oportunidades que proporciona a proximidade á cidadanía e o coñecemento directo das súas necesidades e intereses- traballe para implementar políticas que incorporen a perspectiva de xénero, tendo en conta as particularidades das mulleres, e manifeste este compromiso de cara ás próximas eleccións locais, seremos capaces de acadar resultados.

Trátase de construír unha nova cultura na forma de facer política, co convencemento de que isto nos levará a unha sociedade máis igualitaria, integradora e solidaria.

Polo dito proponse a adopción dos seguintes acordos:

1.- Asumir como punto de partida ineludíbel no momento en que estamos, que as accións e medidas para acadar a igualdade son tarefa de toda a Corporación municipal, corresponsabilizándose todas e cada unha das áreas de goberno das levar a cabo.

2.- Elaborar, de non existir ou impulsar con firmeza, planos e programas de igualdade que teñan en conta as seguintes liñas estratéxicas:

- Crear, a través da coordinación coas administracións, servizos e recursos (ou potenciar os que xa existen) para a información, orientación e asesoramento ás mulleres que están a sufrir a violencia de xénero.

- Fomentar a educación non sexista desde o Consello Escolar Municipal, en colaboración coas ANPAs e o profesorado dos centros escolares.

- Promover programas de promoción da saúde, elaborados e desenvolvidos desde a perspectiva do xénero, en colaboración coas e cos profesionais da saúde do Concello.

- Adoptar o compromiso no Goberno municipal de marcar o obxectivo de equilibrar nos distintos órganos de xestión a presenza de mulleres e homes. Considerar a aparición igualitaria nas comparecencias públicas do Concello para promover a representación paritaria na toma de decisións e eliminar a linguaxe sexista de todos os textos do concello.

- Estabelecer que os estudos, estatísticas, informes, etc., se fagan desde a perspectiva do xénero, na súa orientación, nos seus contidos explícitos e ocultos e, por suposto, na linguaxe que se utiliza para a súa exposición.

- Garantir que todas as organizacións que reciban financiamento público (contratas, servizos, subsidios...) adopten prácticas non discriminatorias.
- Promover a participación das mulleres nos medios de comunicación municipais a todos os niveis (xestión e produción de programas, redacción, realización, etc.), no que se refire ao tratamento da imaxe da muller e da violencia de xénero, tanto na linguaxe explícita coma na oculta.
- Promover a recuperación da Historia das Mulleres, actuar localmente na súa recuperación, fomentando o seu coñecemento e recoñecemento mediante accións concretas de carácter divulgativo e rememorativo, promocionando a presenza das mulleres nos espazos públicos, nos nomes das rúas, prazas, e outros espazos.”

INTERVENCIÓN DA SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: É unha moción que por mor do 8 de marzo se vai presentar en todo o País e como chegou un pouco tarde non houbo a posibilidade de presentar en Xunta de Voceiros porque tamén nos gustaría que o acordo fose por unanimidade, posto que este Concello sempre traballou a prol da igualdade en contra da violencia de xénero. Falouse da moción co Grupo socialista aínda que non houbo ocasión de falar co resto dos grupos. Paso a expoñela e se lles parece nos engadimos a ela todos e todas.

(No momento da votación da urxencia están ausentes os Sres. Figueroa Vila, Iglesias Carrera, Ruiz Ceniceros e Toba Girón)

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

INTERVENCIÓN DA SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Esta moción preséntase con motivo do 8 de marzo e vai encamiñada cara á necesidade de traballar par eliminar a invisibilidade das mulleres ó longo da historia.

Hai unha serie de dificultades que veñen moitas veces por parte das administracións públicas e por parte da sociedade mesma que está ofrecendo

resistencia ós cambios nun momento de tránsito entre unha cultura patriarcal e outra de igualdade.

No marco político actual no que o Goberno do Estado e o da Xunta están apostando por eliminar estereotipos e pular unha verdadeira igualdade e tamén tendo iniciativas para eliminar a violencia de xénero, todos e todas sabemos que as administracións locais pola súa proximidade á cidadanía teñen un grande labor que facer neste camiño. Tamén teñen un grande labor á hora de facer que a coordinación con outras administracións sexa posible.

No caso concreto deste Concello nós o temos claro e todos os grupos políticos presentes veñen loitando, é un dos Concellos a nivel galego do que dalgún xeito nos sentimos todos e todas orgullosos polo grande labor que se está facendo e que se fixo a prol da igualdade ó longo da súa historia.

De todos os xeitos hai unha serie de medidas e acordos que nós propoñemos hoxe aquí que farían máis posible esa visibilización das mulleres da que moitas veces se adoce porque non se pon todo o interese por parte das administracións, por parte dos Concellos en que esta visibilización real se produza.

Moitos dos acordos que están aquí, este Concello xa os adoptou pero hai algún que non e nós queremos que por unanimidade, se é posible, se adopten os acordos.

A seguir a Sra. Méndez Piñeiro procede a ler o texto da parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

(No momento da votación do fondo están ausentes os Sres. Figueroa Vila, Iglesias Carrera e Ruiz Cenicerós).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, instando accións e medidas para acadar a igualdade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

9.- (22).- ROGOS E PREGUNTAS.

* PREGUNTAS DO CONCELLEIRO DO BNG, SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
RELATIVAS E DIVERSOS TEMAS MUNICIPAIS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 23 de febreiro, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, formula as seguintes preguntas:

“En nome e representación do Grupo Municipal do BNG, o concelleiro Amador Fernández Fernández ten asumido como propios os acordos que en distintos Plenos se teñen tomado por unanimidade e, polo tanto, formulo e presento por escrito as seguintes preguntas para que sexan contestadas no próximo Pleno Ordinario do mes de febreiro do ano que andamos.

- 1.- Cando van rematar o reconto das parcelas do Patrimonio Municipal do Solo, principalmente as de tipoloxía illada ou acaroadada?
- 2.- Ten vostede intención de ordenar xa a reparación a Rúa Lugo?
- 3.- Ten vostede coñecemento do lamentable estado da 1ª Travesía da Rúa Vitoria?
- 4.- Ten vostede coñecemento ou lembra que ao Concello se lle cede a titularidade dos terreos do subsolo da rúa República Arxentina, non contemplados no acordo plenario do 29.09.93 que aprobou o “Proxecto de urbanización na UE I-05 Rosalía de Castro e anteprojecto garaxe-aparcadoiro subterráneo” para usos privados?
- 5.- Temos xa algunha posibilidade de coñecer os prazos para ter os proxectos de deslinde dos terreos públicos das Avenidas, o Aeroporto e Arquitecto Palacios?
- 6.- Canto tempo ten que pasar para que se ordene a reparación e limpeza da canle do río Lagares? Solicitouse xa a Augas de Galiza o permiso?”

INTERVENCIÓN DO SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Quero agradecer a súa resposta do Pleno anterior porque coido que é moi interesante o que aquí se di; as preguntas tiñan o seu transfundo e a prontitude da súa resposta é moi importante para temas como dos hospitais e demais. Polo menos unha das que presento hoxe espero que teñan importancia para evitar que o patrimonio do Concello estea utilizado por alguén.

A primeira pregunta é cando se vai rematar o reconto das parcelas do patrimonio municipal do solo, principalmente as de tipoloxía illada ou acaroadada. Isto foi unha moción que tiñamos feito.

Ten vostede a intención de ordenar xa a reparación da rúa Lugo? Dígolle esta rúa porque é un contorno que está cada día peor.

Ten vostede coñecemento do lamentable estado da 1ª Travesía da rúa Vitoria? Aínda ten o letreiro de 1ª Travesía Vitoria a pesar de que hai dous Plenos lle cambiamos o nome.

Ten vostede coñecemento ou lembra que o Concello lle cedese a titularidade dos terreos do subsolo da rúa República Arxentina, non contemplados no acordo plenario do 29.09.93 que aprobou o “Proxecto de urbanización na UE I-05 Rosalía de Castro e anteprojecto garaxe-aparcadoiro subterráneo” para usos privados? Voulle acompañar o acordo inicial para que vexan o que pasa debaixo.

Temos xa algunha posibilidade de coñecer os prazos para ter os proxectos de deslinde dos terreos públicos das Avenidas, o Aeroporto e Arquitectos Palacios? Saben que non só se pedira que nos cedesen a titularidade do vial senón tamén os terreos porque son moi importantes, principalmente en Arquitecto Palacios, non contorno de Castrelos.

Canto tempo ten que pasar para que se ordene a reparación e limpeza da canle do río Lagares? Solicitouse xa a Augas de Galicia o permiso? Digo isto porque como non se faga antes da primavera, logo non se pode facer porque os animais teñen unha época en que crían.

* ROGO DA CONCELLEIRA SRA. GARRIDO GONZÁLEZ, DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, DE QUE SE FAGA UN SEGUIMENTO ÁS OBRAS DA AVENIDA DO AEROPORTO.

INTERVENCIÓN DA SRA. GARRIDO GONZÁLEZ: Quería comezar por felicitármonos porque a rede semaforica da avenida do Aeroporto estase a levar a cabo pero nos gustaría facer algunhas consideracións que poderían mellorar esta situación, polo tanto rogo que faga un seguimento quen lle corresponda.

Á altura do número 494 e sobre todo do 616, a beirarrúa queda tan estreita que non pode pasar nin unha cadeira de bebé nin moito menos unha cadeira de minusválido. Por riba como está nunha zona rural, hai moita xente que vai mesmo cunha carreta para levar trastes e non teñen espacio de tal xeito que, dada esta situación, teñen que baixar ata a estrada co risco que isto ten porque non teñen outro medio por onde pasar.

Por outra banda tamén nos gustaría saber se son precisas tantos illotes e do xeito en que están feitos xa que, sobre todo á altura deses números que citei, desaparece un tramo importante que había de carril lento e non temos que esquecer que é unha estrada nunha zona semi-rural na que circulan tractores e vehículos lentos o que obriga ó resto dos condutores a ir a unha velocidade desaxeitada para esta zona.

Por todo isto rogo que se faga un seguimento destas obras porque coido que hai cousas que se poden mellora e é mágoa que non se corrixan se estamos a tempo.

* PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SR. CABALLERO MÍGUEZ, RELATIVA Ó CUMPRIMENTO DE MOCIÓN APROBADA DE ARRANXO DE FONTES EN VALLADARES E PARQUE DE SÁA EN BEADE.

INTERVENCIÓN DO SR. CABALLERO MÍGUEZ: Unha pregunta en relación cunha moción aprobada por unanimidade neste Pleno e tamén un rogo presentado hai algúns meses sobre ó parque de Saa en Beade e acondicionamento de fontes en Valladares. Dende este grupo municipal Socialista queríamos preguntar que pasos se teñen dado porque os colectivos implicados reclaman algún tipo de solución.

* PREGUNTA DO SR. ALONSO ÁLVAREZ, DO GRUPO MUNICIPAL DO PG, REITERANDO UNHA ANTERIOR RELATIVA A GASTOS DA AUTORIDADE PORTUARIA.

INTERVENCIÓN DO SR. ALONSO ÁLVAREZ: Sra. Alcaldesa, quería saber como van as súas xestións polos gastos do Sr. Presidente da Autoridade Portuaria, pregunta que xa fixen hai catro ou cinco meses.

A PRESIDENCIA: Seralle respondida aínda que lle adianto que non hai nada.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e cincuenta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión ordinario Pleno do día 26 de febreiro de 2007. Consta de 15 folios da serie A numerados do 1593389 ao 1593403, e números do 87 ao 101. Aprobouse na sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2007.

Vigo, a 30 de abril de 2007
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda